



3º Certame de relato curto en lectura fácil

Prazo de presentación aberto ata o 17 de abril!



Terceiro concurso de contos curtos en lectura fácil

FADEMGA Plena inclusión Galicia

organiza o terceiro concurso de contos curtos en lectura fácil para:

- Dar a coñecer o talento das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- Animar ás persoas a escribir e a ler.
- Dar a coñecer a lectura fácil

Participantes

No concurso poden participar todas as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento que queiran.

As persoas poden contar co apoio dun profesional, voluntario, familiar ou calquera outra persoa.

O concurso está dividido en 2 categorías:

Categoría A:

Nesta categoría poden presentarse contos escritos por 1 persoa.

Categoría B:

Nesta categoría poden presentarse contos escritos por 2 ou máis persoas.

Normas do concurso

Para participar no concurso hai que seguir estas normas:

- O tema do conto ten que ser a lectura.
- O conto ten que estar escrito en galego.
- O conto ten que estar escrito a ordenador.
- Os contos teñen que cumprir as normas de lectura fácil.
- O conto ten que ter 4 follas polos 2 lados como mínimo.
- O conto ten que ter 12 follas polos 2 lados como máximo.
- O conto ten que ter un título.
- No conto non pode aparecer o nome real das persoas que escriben o conto.
O conto hai que firmalo cun nome inventado.
Tamén tes que poñer a categoría na que participas.
- O conto ten que ser inventado.
Non pode ser unha copia doutro conto.
- Non se pode presentar ao concurso un conto presentado noutro concurso.
- Só FADEMGGA pode publicar os contos presentados ao concurso.

Como podes presentar un conto ao concurso?

Tes que meter nun sobre os seguintes documentos:

- O conto.
- Un sobre pequeno pechado
cunha folla cos seguintes datos:
 1. Nome e apelidos da persoa ou persoas
que escriben o conto.
 2. Nome da asociación.
 3. Teléfono de contacto.

FADEMGA Plena inclusión Galicia abrirá o sobre pequeno despois de elixir os contos gañadores.

Onde hai que presentar o conto?

O conto hai que enviálo á FADEMGA Plena inclusión Galicia por correo.

No sobre hai que escribir:

FADEMGA Plena inclusión Galicia

"Terceiro Certame de relato curto"

Vía Pasteur, nº53-B. Polígono do Tambre.

Santiago de Compostela, 15890. (A Coruña)

Ata cando se pode presentar o conto?

O último día para entregar o conto é o día 17 de abril de 2023.

Quen é o xurado?

O xurado son as persoas que deciden os contos gañadores.

O xurado estará formado por:

- 2 persoas da Xunta directiva de FADEMGA Plena inclusión Galicia.
- 3 profesionais de FADEMGA Plena inclusión Galicia.

O xurado elixirá como contos gañadores:

- Os contos máis orixinais e creativos.
- Os contos que mellor cumpran as normas de lectura fácil.

Cando se saberá o gañador?

FADEMGA Plena inclusión Galicia publicará os nomes dos gañadores o día 23 de abril.

FADEMGA escolleu este día porque é o Día do Libro.

FADEMGA publicará os nomes dos gañadores na páxina web e nas súas redes sociais.

Cal é o premio?

O xurado elixirá 1 conto gañador por cada categoría.

O premio é sorpresa e será enviado á asociación.

O xurado pode decidir non dar premios aos contos.

Os contos deben cumprir as normas do concurso para conseguir os premios.

IMPORTANTE

O concurso pode cancelarse se non hai polo menos 3 contos por categoría.